

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE A TRAVÉS DA SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE, E A ASOCIACIÓN PARA PROXECTOS GLOBAIS DE INSERCIÓN E INTEGRACIÓN SOCIO LABORAIS - ALAR GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO FÉNIX, DE MEDIDAS DE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN INTEGRAL CON MENORES AGRESORES DE VIOLENCIA DE XÉNERO, ENMARCADO NO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da da Consellería de Emprego e Igualdade, á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

O artigo 34 da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, recolle que *"a Xunta de Galicia..., facilitaralle a aqueles agresores que o soliciten, a incorporación a programas específicos de reeducación. Para iso poderán subscribirse convenios de colaboración con outras administracións públicas e organismos competentes, con capacidade e experiencia na materia"*



Ademais, o artigo 6 da mesma Lei 11/2007, establece que o departamento competente en materia de igualdade, en coordinación cos restantes departamentos da Xunta de Galicia, porá en marcha de xeito periódico, campañas de información e sensibilización que teñan como obxectivo mudar os estereotipos sexistas, e que incidan no rexeitamento social sobre todas as formas de violencia de xénero.

O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, aprobado na sesión plenaria do Congreso o 28 de setembro de 2017 e na sesión do Senado do 13 de setembro de 2017, contén un conxunto de propostas para previr e combater a violencia contra a muller, incluíndo tamén a violencia sexual, e en concreto medidas tales como a necesidade de traballar coas Comunidades Autónomas para que a rehabilitación dos menores agresores en casos de violencia de xénero aplique perspectiva de xénero, así como o impulso coas Comunidades Autónomas competentes na materia, na asistencia psicolóxica aos agresores desde o momento da denuncia, para reducir o nivel de estrés e agresividade e previr danos á vítima.

A Asociación para Proxectos Globais de Inserción e Integración Socio Laborais- Alar Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro que con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-5850, que desenvolve accións dirixidas a colectivos con dificultades para incorporarse á vida social normalizada, fundamentalmente con menores e con mulleres monoparentais en risco de exclusión, recollendo no artigo 2 dos seus estatutos como unha das finalidades da Asociación, a de deseñar e desenvolver medidas de actuación globais para a incorporación social e laboral da persoas que se atopan nos límites da marxinación e da exclusión social, entre eles, poboación menor de idade, traballando en rede con institución públicas como a Xunta de Galicia, o Concello de Lugo, a Fiscalía de Menores de Lugo e os Centros de Educación Secundaria e organizacións sociais de carácter privado como Cáritas, Cruz Vermella, etc. Esta asociación ideou o PROXECTO FÉNIX, de intervención con menores agresores de violencia de xénero, sendo o único programa destas características existente en Galicia.



Pola tanto, e dando cumprimento ás medidas 190 e 222 do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, pola súa experiencia no traballo con menores e pola especialización das e dos profesionais coas/os que colabora no campo da igualdade e a loita contra a violencia de xénero, a Asociación para Proxectos Globais de Inserción e Integración Socio Laborais- Alar Galicia reúne as condicións para o desenvolvemento do Programa de prevención e intervención integral con menores agresores de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, Programa Fénix, tendo en conta que a violencia de xénero sobre as rapazas máis novas é un tema enormemente preocupante tanto por razóns cuantitativas como cualitativas (no ano 2020 incorporáronse ao proxecto 32 menores, no ao 2021 40 menores e no primeiro trimestre do ano 2022 36 menores).

A Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, estima de interese público proseguir coa liña de traballo conxunta. O obxecto deste Convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e Alar Galicia, para o desenvolvemento do Proxecto Fénix, de Medidas de Prevención e Intervención Integral con Menores Agresores de Violencia de Xénero, enmarcado no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella

